



En cumprimento do disposto no artigo 32 do Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso ás prazas dos devanditos corpos, faise público que o vindeiro luns, día 15 de decembro de 2025, ás 10:30 horas, no despacho da Secretaría Xeral, na Reitoría, terá lugar o sorteo público ao que se refire o punto 6.3 da Normativa reguladora do procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 7 de novembro de 2024.

O dito sorteo realizarase co fin de proceder á constitución das comisións avaliadoras encargadas de xulgar as prazas de profesorado titular de universidade, profesorado permanente laboral, e profesorado axudante doutor que serán sometidas á aprobación do Consello de Goberno da Universidade da Coruña na sesión prevista para o 16 de decembro de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Persoal docente e Investigador

M. del Pilar Mahía Porto

Código Seguro De Verificación	09cu945lBj9Llke2zd5GYQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xefe/a de servizo - Servizo de Persoal Docente e Investigador - Vicerreitoría de Profesorado - María Del Pilar Mahía Porto	Asinado	09/12/2025 14:37:48
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/09cu945lBj9Llke2zd5GYQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

